

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 23 de abril de 2010

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a Laura López Atrio

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e nove minutos do día vinte e tres de abril de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(493).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión do 12 de abril e extraordinaria e urgente do 13 de abril de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(494).- SOLICITUDE DE D^a. M^a. CARMEN CHAPELA VILA DE REVISIÓN DE OFICIO E DECLARACIÓN DE LESIVIDADE DE LIQUIDACIÓN TRIBUTARIA EN CONCEPTO DE IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA. EXPTE. 4420/514.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Dirección de Ingresos, do 13.08.09, conformado polo xefe do Servizo de Admón. De Tributos, o concelleiro da Área de Economía e Facenda e coa toma de razón do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Inadmitir a solicitude presentada por D^a M^a del Carmen Chapela Vila (DNI 35827185Q) de revisión de oficio e declaración de lesividade da liquidación tributaria aprobada por resolución de Alcaldía de 04-07-2008 (número de recibo 87039108- expediente 2025/514), xirada con motivo da transmisión por compravenda da parcela con referencia catastral 9830227NG1793S0001 (efectuada o 13-06-2006 e documentada en escritura notarial núm. 1493 do protocolo do Sr. Notario Rodríguez González) por non concorrer os presupostos legal e regulamentariamente establecidos para proceder á incoación dun procedemento especial de revisión de oficio e por resultar conforme a dereito a liquidación practicada, en base ás consideracións xurídicas expostas.

2º.- Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo, nos supostos, termos e condicións previstos nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

3(495).- DAR CONTA DAS SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA.

Dase conta das seguintes Sentenzas e Autos remitidos polo Servizo de Asesoría Xurídica:

- a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 40/10 P.A. Demandante: D^a M^a DOLORES SOTO REBORDA. Obxecto: Desestimación presunta reclamación patrimonial. Expte.: 2513/243. Desestimado o recurso.
- b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 55/10 P.A. Demandante: D^a MARIA TERESA FERNANDEZ REPRESAS. Obxecto: Resolución 14/12/09-Sanción de Tráfico. Expte.: 088831324.Desestimado o recurso.
- c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 39/2010. Demandante: D^a. Sonia Rodríguez Rodríguez. Obxecto: Resolución do 17/11/2009. Sanción de tráfico. Expediente: 098690662.Desestimado o recurso.

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 523/09. Demandante: LUYCAR C.B. Obxecto: Resolución do 05/10/09 sobre reclamación patrimonial. Expte. 1944/243. Desestimado o recurso.

e) Sentenza do TSXG no rec. Apelación nº 236/2009 interposto polo Concello de Vigo contra Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo estimatoria parcial do RC-A nº 305/2007 P.A. sobre resolución do 21-08-2007 en alzada. Promoción interna Cabos de Bombeiros (OEP 2005). Desestimado o recurso.

f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 3/2010. Demandante: D. Anibal Acuña Fernández. Obxecto: Desestimación presunta reclamación patrimonial. Expediente: 2322/243. Desestimado o recurso.

g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 347/2009. Demandante: D. Marcos Preciado Vázquez. Obxecto: Desestimación presunta de reposición. Sanción de tráfico, XER. Expediente: 098723632. Desestimado o recurso.

h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 29/2010 P.A. Demandante: D. EMILIO CATALÍN OPREA. Obxecto: Resolución do 11.11.2009 (en reposición) Sanción de tráfico -Expte.: 088786694. Estimado o recurso.

i) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 13/06 P.O. Demandante: ASOCIACIÓN DE VECIÑOS, CULTURAL Y DEPORTIVA MONTE DA MINA DE CASTRELOS. Obxecto: Resolución do TE-A do C. de Vigo do 13/02/06. Exención IBI. Estimado o recurso.

- Sentenza do TSXG no rec. Apelación nº 15086/09 interposto polo Concello de Vigo contra a devandita sentenza. Estimado o recurso.

k) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela no RC-A nº 920/2009 P.A. Demandante: D^a. MILAGROS GONZÁLEZ RODRÍGUEZ. Obxecto: Resolución do 29.09.2009- Sanción de Tráfico. Expte.: 098642194. Desestimado o recurso.

l) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 320/09 P.A. Demandante: D^a. JULIANA RUÍZ SÁNCHEZ. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación patrimonial. Expte.: 2285/243. Desestimado o recurso.

m) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 361/09 P.A. Demandante: D MARCO ANTONIO ROMAN VILLAR. Obxecto: Desestimación presunta reclamación patrimonial. Expte.: 2096/243. Desestimado o recurso.

n) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 535/09 P.A. Demandante: D JUAN LOIS ALVAREZ. Obxecto: Desestimación presunta reclamación patrimonial. Expte.: 2332/243. Desestimado o recurso.

o) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 429/07 P.A. Demandante: D. MODESTO VÁZQUEZ PAZÓ e S.N. de CC.OO. de Galicia. Obxecto: Resolución do 21-08-2007 en “alzada” sobre provisión de 4 prazas de Suboficial de Bombeiros. Estimación parcial.

- Sentenza do TSXG no rec. Apelación nº 254/2009 interposto polo Concello de Vigo e varios contra a devandita sentenza. Desestimado o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

4(496).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 306/01. BAIXA EXPTE. 1193/22.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta da traballadora social e responsable do Programa, do 13.04.10, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D^a. Alicia García Alvarez. Expte. 306/01.

2º.- Dar de baixa no Servizo de Axuda no Fogar a D^a. Carmen Martínez Pérez. Expte. 1193/22.

5(497).- SOLICITUDE DO MUSEO VERBUM PARA ACOLLERSE Á CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA O EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS E LOCAIS UTILIZADOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI. EXPTE. 1296/340.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Administrativo do Verbum, do 15.04.10, conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Solicitar a subvención para o “SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DO NOVO EQUIPAMENTO AUDIOVISUAL PARA O VERBUM CASA-DAS PALABRAS”, ao abeiro do establecido nas bases da Orde de 15 de marzo de 2010 (DOG nº 64 do 7/04/2010), que regula a convocatoria da Consellería de Cultura e Deporte sobre a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia, para o equipamento e mellora das instalacións e locais

utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede a súa convocatoria para o ano 2010, co cofinanciamento dos fondos FEDER.

2º.- Achegar a relación valorada, por un importe total de 31.999,16 €, que se incluíu no Pre-go de Prescricións Técnicas, elaborado e asinado polo xefe da area de Servizos Xerais, que foi aprobado na Xunta de Goberno Local de 23/11/2009, e que forma parte do expediente administrativo que conduciu á adxudicación definitiva á empresa SPICA, S.L., a través dun procedemento negociado con publicidade, o subministro e instalación de material audiovisual para o museo Verbum-Casa das Palabras, por un importe de 29.343,43 € (adxudicación definitiva de data 31/12/2009).

3.- Aceptar as condicións e demais requisitos establecidos na devandita Orde de 15 de marzo de 2010 (DOG nº 64 do 7/04/2010).

4.- Comprometer a achega, por parte do Concello de Vigo, con cargo ao orzamento do Verbum Casa das Palabras, dunha porcentaxe do importe en que foi adxudicado o proxecto obxecto desta solicitude, neste caso o 65 %.

6(498).- DEVOLUCIÓN DA AVAL Á FEDERACIÓN GALEGA DE PENTATLON MODERNO Y TRIATLON CONSTITUÍDO POLA CELEBRACIÓN DO DUATLÓN CROSS MÁMOA DE CANDEÁN. EXPTE. 9454/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 15.04.10, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a devolución do aval de 2.000,00€, imposto polo departamento de Montes, Parques e Xardíns a FEDERACIÓN GALEGA DE PENTATLON MODERNO Y TRIATLON , para responder dos danos posibles no Monte da Madroa pola celebración do DUATLON CROSS MÁMOA DE CANDEÁN”, celebrado o pasaso 13 de marzo de 2010, xa que non houbo danos nos espazos utilizados.

7(499).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DIRECCIÓN TÉCNICA DOS TRABALLOS DE MANTEMENTO DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DE BALAIÓDOS, A MADROA E BARREIRO. EXPTE. 7318/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídicos do 16 de marzo e 16 de abril de 2010, o informe de fiscalización do 29.03.10, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 16.03.10, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo gasto de 70.308 euros para a contratación do servizo de dirección técnica dos traballos de mantemento dos campos de fútbol municipais de Balaídos, a Madroa e Barreiro que se imputarán a partida 4521.227.06.00 do orzamento dos anos 2010 ao 2013, co seguinte desglose por anualidades:

Ano 2010: 11.718 euros.

Ano 2011: 23.436 euros.

Ano 2012: 23.436 euros.

Ano 2013: 11.718 euros.

2º.- Aproba-lo expediente de contratación por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación do servizo de dirección técnica do mantemento dos campos de fútbol municipais de Balaídos, A Madroa e Barreiro, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 11-03-2010 e o prego de prescricións administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto con múltiples criterios de data 12.03.2010.

3º.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia.

8(500).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO CLUB CICLISTA VIGUÉS PARA ORGANIZAR O XLV VOLTA VIGO-BAIXO MIÑO- VAL MIÑOR, O DÍA 2 DE MAIO DE 2010. EXPTE. 9460/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 14.04.10, conformado polo concelleiro de deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Vigués, a organizar o vindeiro domingo 2 de maio de 2010, a volta ciclista denominada XLV VOLTA VIGO - BAIXO MIÑO - VAL MIÑOR”, dito evento se levará a cabo nas inmediacións da Capela de San Sebastián en Fragoselo (Coruxo) comenzando ás 9.00 horas e rematando aproximadamente ás 14.00 horas

9(501).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE UTE IMES-ESYCSA POLO “MANTEMENTO DE TÚNELES E PASOS INFERIORES”. EXPTE. 13387/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.04.10, e de acordo co informe-proposta do xefe dos Servizos Electromecánicos, do 8.04.10, conformado pola concelleira da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar unha indemnización substitutiva por importe total de 45.670,39 Euros, correspondente á facturación do mes de marzo do ano 2010, con cargo á partida orzamentaria “*Mantemento Túneis e Pasos Inferiores*” 4324.227.06.02 e recoñecer a obriga a favor da UTE Imes-Esycsa polo citado importe, por prestación do devandito servizo.

10(502).- MODIFICADO CUSTE CERO DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. ALCALDE PORTANET. EXPTE. 267/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 21.04.10, que di o seguinte:

Antecedentes

Con data 4 de novembro de 2009, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, adoitou o acordo de adxudicar o expediente 57.619/250 do Proxecto de Humanización da Avda. Alcalde Portanet, á empresa Eiriña, S.L. por un importe total de 437.142,86 Euros.

No transcurso das obras, fóronse producindo variacións, condicionadas pola dinámica da obra que levan a considerar e programar novas necesidades que xustifican a adaptación do proxecto de referencia, co obxecto de dar validez ás modificacións formuladas.

Debido a isto, plantéxase a necesidade de proceder á redacción do presente proxecto modificado, co fin de recoller as variacións producidas respecto ao proxecto primitivo, pensando en substituír partidas ou unidades de obra previstas por outras ou axustando as medicións das distintas unidades da obra de tal xeito que non exista incremento económico da obra

Dacordo co informe da Oficina de Supervisión de proxectos de data 20 de abril, estas variacións consisten principalmente en:

- *Realización de máis demolición manual, ao obxecto de evitar danos nos forxados existentes.*
- *Desmontaxe e retirada de varanda metálica e peche de cadeas en perímetro de xardiñeiras.*
- *Instalación de canle de formigón dúctil, de dimensións 80 x 80 cm., e marco de aceiro inoxidable.*
- *Aumento de plantación de árbores.*
- *Bordo de granito branco mera de dimensións 15 x 70 x 30 cm. rematado flamexado, para xardiñeira.*
- *Impermeabilización de forxados con imprimación asfáltica con curidan ou similar, dobre capa asfáltica de betún modificado con elastómeros, Glasdan 30 P, totalmente adherida ao soporte con sobrete e lámina asfáltica de betún modificado con elastómeros, tipo Esterdan 40 P, totalmente adherida á anterior con soporte.*

A documentación do proxecto considérase completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público, de 30 de outubro, polo que se informa favorablemente e propónse á súa aprobación.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.-Aprobar o proxecto modificado nº 1 a “coste cero” do proxecto de Humanización da Avenida Alcalde Portanet, fase 1, entre o nº 2 e o nº 22.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(503).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “AMPLIACIÓN DO BOMBEO DE CASAL-SAMPAIO”. EXPTE. 854/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área dos Servizos Xerais, do 16.04.10, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra AMPLIACIÓN DO BOMBEO DE CASAL – SAMPAIO.

2º.- Aceptación do plan de xestión de residuos da obra AMPLIACIÓN DO BOMBEO DE CASAL – SAMPAIO.

3º.- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA.

12(504).- DAR CONTA DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE LIQUIDACIÓNS COMPLEMENTARIAS DAS TAXAS DE OBRA E ACTIVIDADE. EXPTE. 4379/407.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe dos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo, conformado pola xerente, a Xunta de Goberno local acorda:

Quedar enterada das seguintes liquidacións de taxas por servizos urbanísticos que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:

1.Consellería Cultura e Comunic. Xeral (NIF S-1511001-H)	371,25 euros
2.Grupo Inversor 2004, S.L. (NIF B-83.810.903)	205,55 euros
3.Industrias Valls 1, S.A. (NIF A-59.060.491)	56,05 euros
4.Opecen Inmobiliaria, S.A. (NIF A-15.973.951)	1.029,63 euros
5.Comercial Electrónica Ricardo, S.L. (NIF B-15208192)	48,76 euros
6.Vicepresidencia-Secretaría X.E.RRII (NIF S-1511001)	2.616,18 euros
7.Cine Maravillas S.L Promociones (NIF B-36958981)	636,62 euros
8.Benteler Automotive Vigo, S.L (B-50546807)	17.760,96 euros
9.Olívica de Inmuebles Urbanos, S.L (NIF B-36478600)	1.264,26 euros
10.Rafael Montes Romero (NiF 36013321J)	202,85 euros
11.Instituto Galego de Vivenda e Solo (NIF S-1511001-H)	4.785,86 euros
12.Consellería de Educación (NIF S-1511001H)	282,56 euros
13.Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (NIF S-1500072-B)	1.294,40 euros

14. Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (NIF S-1500072-B)	6.945,06 euros
15. Consellería de Educación (NIF S-1511001H)	1.559,26 euros
16. Asociación Pais de Minusválidos (NIF G- 36624120)	5.341,65 euros
17. Asociación Pais de Minusválidos (NIF G-36624120)	20.437 euros
18. Alicatados y R.Gómez Crespo, S.L (NIF B-32021487)	2.616,18 euros
19. Plataforma Normalizadora del Agro Galego, S.L (B-36466480)	873,45 euros
20. Plataforma Normalizadora del Agro Galego, S.L (NIF B-36466480)	899,54 euros
21. Consellería Educación (NIF S-1511001-H)	1.358,79 euros
22. Cologa Vigo, S.L(NIF B- 36738847)	1.189,39 euros
23. Promociones Gamesen, S.L (B- 36854529)	2.317,70 euros
24. Transformaciones Metálicas Marsan, S.L (NIF B-36722700)	2.868,59 euros
25. Urbinomar, S.L (NIF B-36949238)	492,94 euros
26. Feyju Galicia, S.L (NIF B-36620383)	1.182,11 euros
27. Centro de Estudios Marcote (NIF B-36653152)	6120,17 euros
28. Centro de Estudios Marcote (NIF B-36653152)	4.152,64 euros
29. Consellería de Sanidade (NIF S-1511001-H)	22.134,09 euros
30. Consellería de Sanidade (NIF S-1511001-H)	2.156,95 euros
31. Consellería de Educación (NIF S-1511001-H)	1.067,02 euros
32. Invoga S.A (NIF A-36364636)	6.040,05 euros
33. Universidade de Vigo (NIF Q-8650002B)	3.688,79 euros
34. Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (NIF S-1500072-B)	8.340,43 euros
35. Pintor Laxeiro 23, S.L (B-36942217)	761,20 euros
36. Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (NIF S-1500072-B)	9.871,61 euros
37. C.P Coruña 76-78 Chano Piñeiro 1.3.5.7.9.11 (NIF H-36838498)	60.001,05 euros

13(505).- PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PXOM-AA 01 SUBESTACIÓN BALAÍDOS. EXPTE. 11471/411.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor Xeral, do 15.04.10, o informe da secretaria xeral do Pleno, do 14.04.10, e o informe do técnico de Admón. Xeral, do 12.03.10, conformado polo arquitecto municipal e director da Oficina de Planeamento-Xestión e a xerente de Urbanismo, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de Modificación Puntual nº 1 da AA-01 do PXOM Vigo- Subestación de Balaidos, instada pola mercantil “Unión Fenosa Distribución, S.A.” e redactada pola Oficina de Planeamento – Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo con data novembro de 2009, coa finalidade de corrixir o erro padecido na grafía da trama do sistema xeral da rede eléctrica AA – 01, axustándoa ó espazo total situado entre o vial paralelo ó muro do Cemiterio de Pereiró e o recinto da factoría PSA – Citroën.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

14(506).- NOMEAMENTO DOS DIRECTORES DE OBRA PARA A REALIZACIÓN DA OBRA DO PROXECTO CONSTRUTIVO DE REFORMA DA AVDA. EUROPA DO O.EMPREGO VIGO ORNAMENTAL. EXPTE. 6962/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 21.04.10, conformada polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Nomear a Juan Aguirre Rodríguez e Juan Hansen García como Directores das obras a realizar no proxecto construtivo de reforma da Avda. de Europa entre a Avda. Samil e a rúa San Paio a realizar polo Obradoiro de Emprego Vigo Ornamental, asumindo a supervisión técnica de dita obras.

15(507).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA O PROXECTO “VIGO COLABORA”. EXPTE. 6960/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co inofrme-proosta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 21.04.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto denominado “Vigo Colabora”, elaborado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo.

2º.- Solicitar á Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na Orde de 29 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia, durante os anos 2010 e 2011, de programas integrais para o emprego.

3º.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle podan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2010 e 2011, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

4º.- Delegar no concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá a representación do concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellaría de Traballo da Xunta de Galicia.

16(508).- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO DA REDE DE PLUVIAIS NA AVDA. EUROPA-MARXE SUR CON CARGO A COTAS DE ENGANCHE. EXPTE. 266/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais, do 22.04.10, conformado polo xefe e a concelleira delegada de dita Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a memoria valorada para executa-las obras de “Acondicionamento da rede de pluviais na Avda de Europa-marxe sur”, por un importe de 54.185,17 € (IVE EXCLUÍDO).

2º.- Adxudicar a execución de ditas obras á “Aqualia ”, empresa consesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento, por un importe de 54.185,17 € (sen IVE) e con cargo ao saldo da “ Conta de Ingresos de Acometidas ás redes de abastecemento e saneamento municipais” que xestiona dita empresa como concesionaria do servizo, según informe do xefe do servizo de investimentos de data 22 de abril.

17(509).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE OCIO ALTERNATIVO E DE FORMACIÓN NO CENTRO MUNICIPAL DO MONTE DO CASTRO. EXPTE. 2572/336.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídicos do 17 de marzo e do 22 de abril de 2010, o informe de fiscalización do 31.03.10, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 14.04.10, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 261.000 € para a contratación da asistencia técnica para a xestión do programa de Dinamización Xuvenil do Monte do Castro, que se imputarán á partida presupostaria 4520.227.06.06 do vixente presuposto e o dos anos 2011, 2012, 2013.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de asistencias técnicas polo Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 18 de xaneiro de 2010, así como o prego de prescricións técnicas para a prestación da asistencia técnica para a xestión do programa de Dinamización Xuvenil do Monte do Castro.

3º.- Convocar a licitación para a selección de contratista na forma prevista na lexislación vixente, mediante a tramitación URXENTE.

18(510).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “REHABILITACIÓN ESCOLA INFANTIL MESTRES GOLDAR”. EXPTE. 6958/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 20.04.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE da obra denominada “Rehabilitación Escola Infantil Mestres Goldar” en c/ Mestres Goldar,22-vigo Incluída no Obradoiro de Emprego Vigo Ornamental, de conformidade co disposto no artigo 7.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, sobre Disposicións mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción.

2º.- O citado PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE estará na obra a disposición de quen interveña na execución da mesma, das persoas e órganos con responsabilidade en materia de prevención nas empresas intervinientes e dos traballadores, así como de maneira permanente da dirección facultativa.

19(511).- DESESTIMENTO DO PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS DOS TÚNELES E PASOS INFERIORES EN VIGO. EXPTE. 12907/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 3.02.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Desistir do procedemento aberto para a contratación do mantemento integral das instalacións electromecánicas dos tuneis e pasos inferiores en Vigo. Expte (12907-444) polas causas expostas no informe da Asesoría Xurídica de 18-01-2010.

20(512).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE PASOS SOBREELEVADOS PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 77551/210.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 21.04.10, e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, da mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente a empresa Sercoysa, Poxectos y Obras S.A.o Procedemento negociado sen publicidade para a contratación das obras de instalación de pasos sobreelevados para a mellora da seguridade vial (expediente 77551-210) por un prezo total de 174.799,24 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 24.110,24euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Sobre o persoal mínimo medio esixido de 5 persoas, aporta a maiores 2 persoas procedente de situación legal de desemprego das que 2 son desempregadas de larga duración.
- Fixa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 3 %.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 18-03-2010 e a oferta presentada.

21(513).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO “PROXECTO DE PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO E PAISAXÍSTICO DOS XARDÍNS DE PEREIRÓ”. EXPTE. 5139/446.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídicos do 14 e do 20 de abril de 2010, os informes de fiscalización do 20 e 21 de abril de 2010, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 20.04.10, conformado pola concelleira delegada do Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto para as obras do Proxecto de protección e conservación do patrimonio histórico e paisaxístico dos xardíns de Pereiró.

2º.- Aproba-lo prego de prescricións técnicas para a contratación das obras do “Proxecto de protección e conservación do patrimonio histórico e paisaxístico dos xardíns de Pereiró” redactado polo Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo Enxeñeiro de Montes con data abril/2010

3º.- Aproba-lo prego de condicións administrativas particulares elaborado por Técnica de Administración Xeral do Departamento de Contratación con data abril/2010 para a contratación por concurso, procedemento aberto, das obras de: “Proxecto de protección e conservación do patrimonio histórico e paisaxístico dos xardíns de Pereiró”

4º.- Autoriza-lo gasto para a proxecto de contratación das obras de “Protección e conservación do patrimonio histórico e paisaxístico dos xardíns de Pereiró con cargo á partida 1710.619.00.72 do presuposto do 2010 por importe 289.189,93 euros (I.V.E. incluído)

5º.- Convoca-lo procedemento aberto para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

22(514).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN E ADECUACIÓN E MELLORA DE PISTAS DEPORTIVAS NA CIDADE. EXPTE. 5152/446.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19.04.10, o informe de fiscalización do 21.04.10, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 19.04.10, conformado pola concelleira delegada do Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto para as obras de construción, adecuación e mellora de pistas deportivas na cidade.

2º.- Aproba-lo prego de prescricións técnicas para a contratación das obras de “Construción, adecuación e mellora de pistas deportivas na cidade ” redactado polo Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo Enxeñeiro de Montes con data abril/2010

3º.- Aproba-lo prego de condicións administrativas particulares elaborado polo Xefe da Oficina Administrativa do Departamento de Contratación con data abril/2010 para a contratación por procedemento aberto, das obras de: “Construción, adecuación e mellora de pistas deportivas na cidade. ”

4º.- Autoriza-lo gasto para o proxecto de construción, adecuación e mellora de pistas deportivas na cidade con cargo á partida 1710.619.00.73 do presuposto do 2010 por importe 144.594,97 euros (I.V.E. incluído)

5º.- Convoca-lo procedemento aberto para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

23(515).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA SUBIDA Á MADROA. EXPTE. 932/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área dos Servizos Xerais, do 21.04.10, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA SUBIDA A MADROA .
2. Aceptación do plan de xestión de residuos da obra CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA SUBIDA A MADROA .
3. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ Y D. ÁLVARO CRESPO CASAL

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria PLYGEPE, S.L , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

24(516).- MODIFICACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO 2008. Expte. 18712/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Planificación e Organización, do 22.04.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Acordar a modificación da Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo correspondente ao ano 2008, aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2008, excluindo da mesma as seguintes prazas vacantes que por acordo plenario de data 9 de abril do 2010, de aprobación definitiva dos Orzamentos Municipais para o exercicio 2010, foron traspasadas ao Organismo Autónomo Municipal Xerencia Municipal de Urbanismo:

Nº Vacantes	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Tanda Acceso
1	Arquitecto	A1	Admón.	Técnica	Superior	Libre

			Especial			
1	Enxeñeiro-Tec.Obras Públicas	A2	Admón. Especial	Técnica	Media	Libre

Segundo.- Modifica-lo subgrupo de titulación das 25 prazas de policía incluídas na referida oferta, en aplicación da reclasificación prevista na Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación Policías Locais de Galicia, que pasan do subgrupo C2 ao C1 de titulación.

Terceiro.- Consecuencia das anteriores supresións e modificacións, dispoñer que a Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo correspondente ao ano 2008, pendente de execución, quede como de seguido se indica, contendo as prazas seguintes:

a) Persoal funcionario (108 prazas)

Nº Vacantes	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Tanda Acceso
3	Técnico Admón. Xeral	A1	Admón. Xeral	Técnica	Superior	2 Libre e 1 P.Int.
17	Administrativo de Admón Xeral	C1	Admón. Xeral	Administrativa	-----	3 Libre e 14 Promoc. Interna
17	Auxiliar de Admón. Xeral	C2	Admón. Xeral	Auxiliar	-----	12 Libre e 5 P.Int.
11	Subalternos	E	Admón. Especial	Subalterna	-----	Libre
1	Alguacil	E	Admón. Especial	Serv. Especiais	Cometidos Especiais	Libre
1	Técnico de Sistemas	A1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais	Libre
1	Técnico Superior Arquivos	A1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais	Libre
2	Técnico Xestión	A2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais	1 Libre e 1 P.Int.
1	Técnico Medio Serv. Económicos	A2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais	Promoc. Interna
1	Técnico Prevención Riscos Laborais	A2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais	Libre

1	Enxeñeiro-Técnico Industrial	A2	Admón. Especial	Técnica	Media	Libre
1	Enxeñeiro-Tec.Obras Públicas	A2	Admón. Especial	Técnica	Media	Libre
1	Técnico Auxiliar Bibliotecas	C1	Admón. Especial	Técnica	Auxiliar	Libre
1	Programador Informática	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais	Libre
3	Técnico Auxiliar Seguridade	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais	Promoc. interna
1	Operador Informática	C2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais	Libre
1	Inspector Auxiliar Medio Ambiente	C2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais	Libre
2	Intendente Policía Local	A1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Policía Local	Promoc. Interna
25	Policía	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Policía Local	Libre
10	Bombeiro	C2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Extinción Incendios	Libre
7	Conductor-Bombeiro	C2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Extinción Incendios	Libre

b) Persoal laboral :49 prazas (22 de oficial de oficios e 27 de Axudantes de oficios)

OFICIAL DE OFICIOS: 22 prazas, nivel de Titulación: Graduado Escolar, FP-1 ou equivalente			
Nº de prazas	Denominación	Quenda	Quenda
2	Oficial conserxe	1 Libre	1 Interna
1	Oficial mecánico	Libre	
6	Oficial conductor	5 Libre	1 Interna
4	Oficial xardineiro	1 Libre	3 Interna
1	Oficial carpinteiro	Libre	
2	Oficial albanel	1 Libre	1 Interna
2	Oficial pavimentador	1 Libre	1 Interna
2	Oficial electricista	1 Libre	1 Interna
1	Oficial desinfectador	Libre	
1	Oficial sepultureiro	Libre	

AXUDANTE DE OFICIOS: 27 prazas, nivel de Titulación: Certificado de Escolaridade ou equivalente	
---	--

Nº de plazas	Denominación	Quenda	Quenda
27	Axudante de oficios	22 Libre	5 Interna

Cuarto.- De conformidade co disposto no artigo 59 da Lei 7/2007, de 12 de Abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, resérvanse un total de 8 prazas (5% das 159 prazas ofertadas) para persoas con discapacidade:

- Unha praza de Técnico de Administración Xeral, das ofertadas pola tanda libre
 - Dúas prazas de Administrativo, unha das ofertadas pola tanda libre e outra da tanda de promoción interna.
- Dúas prazas de Auxiliar de administración xeral.
 Unha praza de Axudante de Oficios, das ofertadas pola tanda libre.
 Dúas prazas de Subalterno

Quinto.- Dispoñer a súa publicación nos diarios e boletíns oficiais que corresponda, nos termos do disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Sexto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

25(517).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA O SEGUIMENTO DA OBRA DE REHABILITACIÓN PARA A UBICACIÓN DUNHA PINACOTECA. EXPTE. 5475/307.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21.04.10, e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación do 20.04.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a empresa RODRÍGUEZ Y RIVOIRA ARQUITECTOS, S.L.P., con CIF B-36.935.005, o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da “DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA O SEGUIMENTO DA OBRA DE REHABILITACIÓN PARA A UBICACIÓN DUNHA PINACOTECA” (expediente 5475-307) por un prezo total de 68.324 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 9.424 euros).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 08-03-2010 e a oferta presentada.

26(518).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.